

MEMORIA

VOZ NATURA

2020-2021

**“Coidar a nosa contorna é
o bo camiño”**

ÍNDICE:

1. PROGRAMACIÓN 2020-2021

1.1 INTRODUCCIÓN

1.2 OBXECTIVOS

1.3 CONTIDOS

1.4 ACTIVIDADES

1.5 AVALIACIÓN

2. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

3. ACTIVIDADES

3.1 ESPAZOS NATURAIS DO CAMIÑO DE SANTIAGO

3.2 PLANTACIÓNS NAS DISTINTAS ESCOLAS

3.3 COLABORACIÓNS CON OUTRAS ASOCIACIÓNS

3.4 AS 3 “R”: REDUCIR, REUTILIZAR E RECICLAR.

3.5 TOMA DE CONTACTO COA NATUREZA

3.6 OUTRAS ACTIVIDADES

3.7 SAÍDA VOZ NATURA 2021

3.8 ACTIVIDADE ELABORADA POLA MESTRA DE RELIXIÓN

4. AVALIACIÓN

1. PROGRAMACIÓN 2020-2021

1.1. INTRODUCCIÓN

Este curso escolar 2019-20 o programa Voz Natura animanos a traballar sobre a **“defenda e coidado dos espazos naturais do camiño de Santiago”**. Dado que é un tema moi extenso, o punto de partida do noso proxecto será a Ruta do mar de Arousa e o río Ulla (que fai parada no noso concello) e que se presenta como unha alternativa á ruta terrestre. Deste xeito, podemos incorporar ao proxecto, non só accións encamiñadas á protección dos camiños, sendeiros, bosques e montes do camiño, senón tamén ao noso mar e aos ríos. Ademais, tendo en conta a proximidade da nosa vila con Santiago de Compostela, non se descarta ampliar o proxecto a outras rutas máis coñecidas do camiño de Santiago.

A contorna de Rianxo, chea de natureza e mar, axudará a levar a cabo grandes actividades nas distintas escolas que compoñen o noso CRA, sempre sen esquecer a gran colaboración das familias nesta andadura. Aínda que este curso, dita colaboración, será aportada dun xeito individual dada a situación sanitaria que estamos vivindo.

1.2. OBXECTIVOS:

- Establecer relacións entre as distintas escolas que compoñen o noso centro e a contorna inmediata
- Motivar a toda a comunidade educativa a participar dun xeito máis individual e familiar no coidado da natureza.
- Crear situacións onde o alumnado poida reflexionar, formular hipóteses e tomar decisións sobre actuacións en defensa da contorna.
- Valorar a importancia de desenvolver hábitos e actitudes de coidado e respecto cara a contorna próxima.
- Descubrir os espazos naturais máis significativos da Ruta do mar de Arousa e o río Ulla.
- Promocionar dende a escola as sinais de identidade e o valor da natureza da zona do Barbanza e arredores próximos.
- Desfrutar coñecendo e comprendendo o contorno natural.
- Aproximarse ao coñecemento do noso medio

1.3. CONTIDOS

- O patrimonio natural.
- A contorna máis próxima á nosa escola.
- Implicacións na vida cotiá.
- Recoñecemento e valoración de distintos bens naturais.
- Importancia do coidado e respecto da contorna.
- O descubrimento e presentación da Ruta do mar de Arousa e o río Ulla.
- A promoción dos espazos naturais da Ruta do mar de Arousa e o río Ulla

1.4. ACTIVIDADES

Durante este curso escolar as diferentes escolas que forman parte do C.R.A investigarán sobre a riqueza dos espazos naturais máis significativos do camiño de Santiago, centrándonos especialmente na Ruta do mar de Arousa e o río Ulla, por ser a máis próxima ás nosas escolas, e polo tanto, a de maior interese para o noso alumnado.

Tendo en conta a peculiaridade do noso centro, a maioría das actividades a levar a cabo desenvolveranse a nivel de escola. Aínda que, como cada ano, tentaremos unificar os traballos realizados nun só, para poder compartir con toda a comunidade educativa o traballado ao longo do curso.

Así mesmo, no mes de xuño, a poder ser na data máis próxima ao día 5 (Día mundial do Medio Ambiente) se a situación sanitaria que estamos vivindo nolo permite, levaremos a cabo unha saída que consistirá na limpeza dunha das praias ou ríos do noso municipio, que aínda está por determinar.

1.5. AVALIACIÓN


Coma todo proxecto, e tendo en conta os distintos obxectivos e contidos, este debe ser avaliable. Será unha avaliación inicial, continua e formativa.

- AVALIACIÓN INICIAL: xa realizada, consistiu en coñecer a opinión dos distintos mestres e mestras a cerca de proxecto, compartir ideas, comprobar materiais, acordar metodoloxía,...
- AVALIACIÓN CONTINUA: de todo o proxecto, se as actividades son as adecuadas, se o material é o preciso, o tempo suficiente, o espazo adecuado,..
- AVALIACIÓN FINAL: onde se valorar

2. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

Durante este curso escolar 2020-2021, cada unha das escolas que forman o CRA de Rianxo traballou sobre o camiño de Santiago e os distintos espazos naturais da Ruta do Río Ulla e o Mar de Arousa. A elección desta ruta en concreto, fíxose dado que é a máis significativa para os nosos alumnos, pois transcorre polo noso concello e outros concellos próximos que eles facilmente poden visitar coas súas familias.

Co fin de unificar o traballo e levar a cabo unha actividade conxunta e colaborativa, ademais do traballo específico que levou a cabo cada mestra titora na súa aula sobre o Camiño de Santiago, cada unha das escolas investigou e presentoulles ás demais escolas os espazos naturais de dúas vilas concretas, quedando o reparto da seguinte maneira:













Unha vez realizado o traballo concreto de cada unha das escolas, xuntamos cada unha das partes para crear así o noso libro “RUTA DO MAR DE AROUSA E O RÍO ULLA: COIDAR A NOSA CONTORNA É O BO CAMIÑO” *(Ver libro no apartado seguinte) e tamén para crear un vídeo do mesmo. Este vídeo compartíuse con toda a comunidade educativa, a través da páxina web do centro e tamén vía whassap coas familias. Por outra parte, para a visualización do libro, establecemos unha quenda dunha semana por escola para que nos dese tempo a que chegara a cada unha das 8 escoliñas antes de que rematase o curso.

3. ACTIVIDADES

3.1 ESPAZOS NATURAIS DO CAMIÑO DE SANTIAGO

A continuación, o traballo conxunto sobre os espazos naturais da Ruta do Mar de Arousa e o Rio Ulla feito por todos os alumnos e alumnas do CRA de Rianxo.





Este traballo tamén foi editado nun vídeo para poder facerllo chegar ao resto da comunidade educativa.

3.2. PLANTACIÓNS NAS DISTINTAS ESCOLAS

Como cada ano ao chegar a primavera, as distintas escolas realizaron tarefas de plantación tanto de plantas e flores, como de hortalizas e legumes.

ESCOLA DE CUVIDE



ESCOLA DE ABUÍN



ESCOLA DE RAÑÓ



ESCOLA DE QUINTÁNS



ESCOLA DE CRUCEIRO





ESCOLA DE CAPELA



ESCOLA DE PAZO



3.3. COLABORACIÓN CON OTRAS ASOCIACIÓN

Dende a asociación “Fousas ao monte” de Taragoña, convidóusenos a participar na súa landraina para repoboar os montes do concello. Como non podía ser doutro xeito, a maioría das alumnos e alumnas do CRA participaron recollendo moitos quilogramos de landras. Estas landras podíamolas depositar nun contenedor situado en Campo Maneiro (Taragoña) ou ben avisando a un dos membros da asociación para que as viñesen recoller polas escolas.



Tamén dende a asociación “Fousas ao monte” xunto co concello de Rianxo, se organizou un paseo educativo polo río Té no que participaron alumnos e alumnas das nosas escolas. Neste paseo descubriron moitos dos animais que alí habitan, falaron da importancia de manter san e limpa a nosa contorna e tamén levaron a cabo tarefas de limpeza da canle e das marxes do río.




**II SEMANADA DE VOLUNTARIADO
TRABALLOS COMUNITARIOS NOS MONTES DE LEIRO**

Data: 17 de outubro de 2020
Duración da actividade: De 10:00 a 14:00 h.
Lugar: Finca de castiñeiros da Comunidade de Montes de Leiro.
Acción a realizar: Eliminar os brotes de eucalipto nas zonas nas que se plantou castiñeiro.

- ✓ As persoas voluntarias reuniránse no Centro Cultural "Vicente Vidor" ás 10:00h.
- ✓ Ó finalizar a xornada tomaremos un pinchito todos xuntos.
- ✓ Para participar recoméndase:
 - Cortar coa equipamento axeitada (cabelado e roupa apropiada para andar polo monte no outono).
 - Traer ferramenta que permita o corte dos grandes diques das plantas que impiden o correcto desenvolvemento dos castiñeiros.
 - Traer luvas de protección para o manexo da ferramenta.

MEIDAS ANTI COVID-19

- ✓ Os participantes farán uso do equipamento de protección.
- ✓ Mantemento da distancia de seguridade.
- ✓ Disposición de gel hidroalcohólico.

Se a xornada require a desinfección dos materiais, subírase a xornada en outubro de 2020.

Organiza: Comunidade de Montes de Leiro

Por último, algunhas das nosas familias, tamén asistiron á actividade organizada pola comunidade de montes de Leiro, na que se levaron a cabo tarefas para a eliminación de brotes de eucaliptos nas zonas nas que se plantaron castiñeiros.

3.4. AS 3 "R" : REDUCIR, REUTILIZAR, RECICLAR

Este tipo de actividades, nas cales utilizamos distintos tipos de materiais de refugallo para darlle unha nova "vida", levámolas a cabo cada curso escolar en todas a escolas independentemente do proxecto concreto que se traballa cada ano.

- Monicreques con retais de teas e rolos de papel hixiénico



- Mandalas con todo tipo de elementos, tanto naturais como de refugallo




- Obras escultóricas con rolos de papel hixiénico



- **Dámoslle unha nova vida ás bolsas de papel**



- **Macetas con botellas de plástico para decorar as escolas**



- **Murais e outras obras con tapóns e caixas de ovos**



- **Macetas con botes de cristal**



- **Botes da calma con cacharriños de cristal ou de plástico**



- **FIGURIÑAS DE PASTA DE PAPEL COA ARTISTA ELECTRA MENÉNDEZ**

O día 29 de abril os nenos e nenas da escola de Rañó tiveron o privilexio de visitar o taller de artesanía “Pedras de Papel” da artista rianxeira Electra Menéndez, pois está situado a escasos 100 metros camiñando da súa escola.

Esta artesán local crea as súas obras artísticas con pasta de papel (papel maché), unha mezcla de elementos naturais como: papel de periódico ou papel hixiénico, auga, sal e fariña. Alí os nenos e nenas, guiados por Electra, subiron as mangas, emporcaron as mans e comezaron a crear unhas bonitas esculturas con esta técnica artesanal e ecolóxica, na que so se utilizan compoñentes naturais.





3.5. TOMA DE CONTACTO COA NATUREZA

Dende o noso centro temos a importante labor de concienciar ao alumnado e a toda a comunidade educativa da importancia de coidar a natureza e respectala.

Todas as escolas levan a cabo actividades de observación da natureza e de contacto directo coa mesma. Sobre todo, o que se pretende é o respecto polo medio natural, así como a valoración e coidado dos animais e plantas que habitan no mesmo.

Ademais, tendo en conta que as nosas escolas se atopan no medio rural, sempre temos a oportunidade de traballar aspectos relacionados coa natureza que xorden no día a día, como as formigas e caracois que chegan as aulas todas as primaveras, as árbores que florecen ou que se quedan espidas...

A continuación, presentamos algunhas fotografías de distintas saídas á contorna máis próxima das nosas escolas nas cales observamos os cambios estacionais, a fauna e vexetación local ou simplemente saídas nas que desfrutamos da nosa contorna natural.







3.6. OUTRAS ACTIVIDADES

- A importancia de reciclar



- A xerminación



- Experimentos na aula



- O ciclo de vida dos vermes de seda



- Colleita de verduras e hortalizas plantadas na Escola de Cruceiro



- Merendas saudables coas verduras e hortalizas dos nosos hortos.



3.7. SAÍDA VOZ NATURA 2021

Todas as escolas do Cra de Rianxo, temos previsto levar a cabo unha saída ás praias do concello para facer unha limpeza das mesmas, así como tamén unha visita guiada ao río Té para levar a cabo tanto tarefas de limpeza como para descubrir a fauna e flora do lugar.

Esta saída estaba prevista para o pasado **xoves 13 de maio** pero non foi posible levala a cabo polas malas previsións meteorolóxicas, quedando aprazada para o próximo **xoves 20 de maio** se o tempo nolo permite. Por este motivo, a reportaxe gráfica da mesma será incluída na memoria do vindeiro curso.

Engadir que pola situación de pandemia que estamos vivindo esta saída non será conxunta (como en cursos anteriores), senón que nos repartiremos por escolas nos distintos espazos naturais do concello, co fin de cumprir con todas as medidas de seguridade que require a situación: non mesturar os nenos/as das distintas escolas e respectar os grupo burbulla.

Deste xeito a organización da saída queda do seguinte xeito:

- **AUTOBÚS 1: PRAIA DE QUENXO**

Capela (24) - Cuvide (13) – 37 nenos/as

- **AUTOBÚS 2: PRAIA DA TORRE**

Quintáns (6) – Rañó (8) – Abuín (15) – 29 nenos/as

- **AUTOBÚS 3: PRAIA DE TANXIL**

Outeiro (12) – Pazo (17) – 29 nenos/as

- **AUTOBÚS 4: RÍO TÉ**

Cruceiro- 18 nenos/as

3.8 ACTIVIDADE ELABORADA POLO ALUMNADO DE RELIXIÓN

Voz natura 2021

Relixión



“Conservemos o Camiño”

Creado por: os nenos e nenas de Relixión

do CRA de Rianxo

curso 2020-2021

XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

Como cada curso os nenos e nenas da área de Relixión participamos xunto co resto do cole no proxecto de Voz Natura este ano adicado ao Camiño de Santiago.

O Camiño ofrécenos nas súas rutas abundantes riquezas naturais e patrimoniais que debemos respectar e coidar, procurando que o noso paso non altere o equilibrio dos ecosistemas que nos vamos atopando nos distintos entornos.

Ademáis dende a nosa área consideramos que dende tempos ancestrais o Camiño de Santiago representa unha fonte de cultura e espiritualidade que vertebra toda Europa, ao mesmo tempo que nos ofrece estes entornos naturais e monumentos artísticos que debemos conservar para ás vindeiras xeracións.

Na aula reflexionamos a cerca de todo isto e decidimos crear uns carteis reivindicando a conservación do Camiño como responsabilidade de todos e todas de cara as novas xeracións. Os e as que veñen detrás merecen poder coñecer e gozar destas rutas milenarias cargadas de cultura, espiritualidade e natureza.



ACTIVIDADE

Como punto de partida, comezamos a actividade visionando un vídeo de debuxos animados titulado *A Lenda de Santiago de Compostela*, onde se explica as orixes do Camiño de Santiago.



A continuación falamos e reflexionamos sobre a importancia do Camiño que hoxe en día ten repercusión a nivel mundial, xa que cada ano chegan a Santiago de Compostela peregrinos e peregrinas de tódalas partes do mundo.

Por último elaboramos os nosos carteis:



Con esta actividade tamén aproveitamos para traballar valores: o traballo en equipo, a importancia de compartir, de escoitarnos e respectarnos, a traballar en igualdade.... e a gozar todos xuntos da satisfacción do traballo ben feito.



E este foi o resultado, esperemos que vos guste o noso traballo:



FIN

4. AVALIACIÓN

A avaliación levouse a cabo a través das experiencias compartidas polo alumnado, na presentación visual das súas averiguacións e nas estratexias que axudaron a un mellor coñecemento sobre os espazos naturais do camiño de Santiago.

A nivel xeral, podemos dicir que a programación axustouse adecuadamente ao noso traballo nas aulas e que todo o profesorado implicouse para levar a cabo este proxecto tan interesante para traballar co noso alumnado.

A forma de compartir o traballo elaborado por cada aula, a través de fotos, tamén resultou satisfactorio. Foi unha experiencia distinta que axudou a que todos compartiramos as nosas experiencias e as nosas aprendizaxes, valorando e respectando o traballo realizado por todos e traballando por un obxectivo común.